

13 FEB. 2017

Entrada nº: 709

Saída nº: .....

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a sobre a derogación do Real decreto 16/2012.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Este Real decreto supón un intento de reformulación implícita dos principios de universalidade e gratuidade da sanidade pública. No primeiro punto pola súa consecuencia de excluír do sistema a unha parte da poboación, pola súa condición laboral ou de orixe. Na segunda cuestión, porque este Real decreto foi o que deixou sentadas as bases para a instauración do copago sanitario, que se consolidou coa Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega da persoa usuaria, en desenvolvemento do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.

En relación coa universalidade da atención sanitaria, é necesario lembrar que con este Real decreto 16/2012 alterouse unha norma de consenso que se plasmou, no 2003, no artigo 3 da Lei de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e que ten a súa orixe na Ley General de Sanidad de 1986 impulsada por Ernest Lluch e que conlevou o recoñecemento de toda a comunidade internacional. Retrocedendo no longo camiño percorrido ata entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuíta coa Seguridade Social. Consagra de volta a figura do «asegurado» como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real decreto-lei 16/2012, derogou tacitamente os preceptos da Lei xeral de saúde pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa ás

e aos profesionais e a todas e todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria das e dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu recortando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria das e dos españois. Mediante modificacións legislativas incluídas na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria das e dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito á asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do real decreto-lei citado.

No respectivo ao copago, este Real decreto é unha medida que constitúe unha profunda inxustiza, xa que instaura a obriga de repagar por unha parte do servizo sanitario, como é o tratamento farmacolóxico, vulnerando así o criterio de gratuidade da sanidade pública. Ademais resulta especialmente lesiva xa que afecta, de xeito sinalado, a persoas enfermas con doenzas crónicas (cancro, hepatite, esclerose ...) polo seu maior gasto farmacéutico. Estas persoas pacientes veñen acrecentando o seu problema, pois ademais da dificultade médica da súa situación, son principais afectados por unha medida inxusta. A maiores, as persoas máis sinaladas por este tipo de casos son pensionistas xubilados e xubiladas, co que os problemas asociados á economía doméstica engaden dificultade ao contexto da medida.

Ante esta medida, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores, partidos políticos, sindicatos e ONGS os que elevaron a súa protesta á Administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias, Comunidade Valenciana ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unhas medidas tan ineficaces como inxustas e incluso algunhas recorrendo ao Tribunal Constitucional

Despois dos anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro algún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos nos que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas situacións

persoais e as enfermidades que padecen. Un balance cruel baseado na imposición, tan inútil como inxusta, que urxe rectificar.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno de España a que derroque o Real decreto 16/2012 do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.


2. Instar á Xunta de Galicia a que poña en marcha medidas que suplan as carencias que produce o RD 16/2012 mentres non se acade a súa derogación. Estas medidas serían:

a. Impulsar un plan inicial de reversión do copago farmacéutico, que comece por asumir por parte da administración o custo dos medicamentos para as e os xubilados con pensións menores de 800€/mes.

b. Establecer un calendario de medidas que avance progresivamente na eliminación do copago sanitario para as persoas pacientes do Servizo Galego de Saúde.

c. Implementar, nos centros de saúde e hospitalarios, o persoal e recursos necesarios para poder atender en igualdade de condicións a todas as persoas residentes en Galicia que necesiten de asistencia sanitaria, sen prexuízo da súa orixe o situación sociolaboral.

Pobra do Caramiñal, a 12 de febreiro de 2017.



Asdo...- M<sup>a</sup> Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.**